



ESTUDO DE CUANTIFICACIÓN DOS BAREMOS CUALIFICATIVOS DA BIODIVERSIDADE NAS EXPLOTACIÓNS DE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA DE BOVINOS DE LEITE E CARNE



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN:

- *Concepto de agricultura e gandería ecolóxica*
- *Biodiversidade e gandería ecolóxica*

ESTUDO DE CUANTIFICACIÓN DOS BAREMOS CUALIFICATIVOS DA BIODIVERSIDADE NAS EXPLOTACIÓNS DE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA DE BOVINOS DE LEITE E CARNE

ESTUDO ELABORADO POR:

Asociación Xeito Rural



INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

O gran desenvolvemento nos últimos anos da gandería intensiva carrexou numerosos problemas de saúde animal, derivados tanto da falta de control sobre as dietas, como dos problemas de manexo. Como consecuencia diso, a Unión Europea expuxo a necesidade de potenciar os sistemas de cría natural, así como unha lexislación máis rigorosa no campo da alimentación animal e hixiene da carne; ademais, manifestou a vontade de seguir fomentando os métodos de produción sostibles e de vincularlos máis estreitamente aos obxectivos ambientais.

A produción de gando ecolóxico representa unha alternativa á progresiva intensificación da produción animal convencional. As granxas ecolóxicas dispoñen de potencial suficiente para ofrecer ao animal todas as condicións necesarias para alcanzar o seu benestar, comportamento natural, conseguindo unha alimentación adaptada á súa fisioloxía e vivindo nun ambiente similar ao seu biotipo. En contraste á optimización ao rendemento da produción convencional, o sistema de produción ecolóxico baséase na limitación segura e voluntaria dos medios de produción, co fin de conseguir unha produción animal e agrícola compatible con produtos animais de alta calidade que estean intimamente ligados ao ciclo pechado do sistema de explotación (Sundrum, 1998).

Para conseguir os obxectivos propostos, a **gandería ecolóxica** non só aplica unhas prácticas zootécnicas similares ás empregadas na cría convencional (e que aparecen reguladas no Regulamento CEE 1804/99) senón que se rexe por unha normativa integral (CEE 2092/91; CEE 1804/99) que por primeira vez nunha única normativa europea abarca condicións de produción e manexo, relacionando firme e conxuntamente o benestar animal con aspectos como a raza dos animais, a alimentación e a sanidade, xunto cos clásicos de manexo, aloxamento e transporte.

A implantación desta normativa leva a unha xestión de todo o ciclo produtivo, baseada nunha triloxía de principios:

- A conservación da biodiversidade e a protección do medio ambiente natural.
- Mantemento da saúde do rabaño proporcionando o máximo benestar animal en todo o ciclo produtivo.
- A máxima calidade, salubridade e inocuidade dos produtos pecuarios para os consumidores.

A agricultura ecolóxica debe concibirse como parte integrante dun sistema de produción agrario sostible e como unha alternativa viable a un enfoque máis tradicional da Agricultura.



A agricultura e gandería ecolóxica defínense como un sistema agrario e gandeiro cuxo obxectivo fundamental é a obtención de alimentos de máxima calidade, respectando o medio ambiente e conservando a fertilidade da terra, mediante a utilización óptima dos recursos naturais, excluíndo o emprego de produtos químicos de sínteses e procurando un desenvolvemento agrario e gandeiro sostible.

A produción ecolóxica é un sistema xeral de xestión agrícola e produción de alimentos que combina as mellores prácticas ambientais, un elevado nivel de biodiversidade, a preservación de recursos naturais, a aplicación de normas esixentes sobre benestar animal e unha produción conforme ás preferencias de determinados consumidores por produtos obtidos a partir de substancias e procesos naturais.

Na actualidade, a Política Agrícola Común (PAC) conta entre os seus obxectivos fundamentais o logro dunha agricultura e un medio ambiente sostibles, que segundo a súa definición, o desenvolvemento sostible debe conciliar a produción alimentaria, a conservación dos recursos non renovables e a protección da contorna natural, de modo que poidan satisfacerse as necesidades da poboación actual sen comprometer a capacidade de autoabastecemento das xeracións futuras.

A fin de conseguir o devandito obxectivo, é preciso que os produtores reflexionen sobre a incidencia das súas actividades no futuro desenvolvemento da agricultura, así como sobre a forma en que os sistemas que aplican configuran a contorna.

O sistema de manexo e a xestión do territorio que caracteriza á gandería ecolóxica comporta unha redución importante dos inputs e unhas menores necesidades de enerxía que xunto coa reciclaxe dos residuos sólidos e líquidos (mediante adecuadas técnicas de tratamento), para esparexer compostados non contaminantes (magníficos supresores de axentes bióticos patóxenos), contribúen a reducir os gases indutores do efecto invernadoiro.

ESTUDO DE CUANTIFICACIÓN DOS BAREMOS CUALIFICATIVOS DA BIODIVERSIDADE NAS EXPLOTAICÓNS DE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA DE BOVINOS DE LEITE E CARNE.

Tendo en conta todas estas cuestións, realizamos o estudo que hoxe presentamos onde o obxectivo é poñer a biodiversidade que caracteriza as nosas terras no eixo da diferenciación e valoración das producións gandeiras de bovinos.

A cuantificación dos espazos xeneradores de Biodiversidade das Granxas Colaboradoras reflicte unha realidade biolóxica de alto valor.



Neste momento queremos valorar, e é o obxecto de estudo, os aspectos agrícolas e gandeiros como elementos capaces de xenerar, mellorar e coidar a “BIODIVERSIDADE CORRENTE”. Estes espazos produtores de alimentos son ao mesmo tempo grandes reservorios de Biodiversidade a calquera nivel: xenético, de especies e de ecosistemas. Para a súa cuantificación, superficie xeneradora de Biodiversidade por hectárea de cultivo, manexamos datos co modelo CAP2ER (Idele) axustándoo á realidade galega para a súa expresión en hectáreas de Biodiversidade por hectáreas cultivo (no sucesivo HaBio/Ha).

Utilizando esta unidade de medida: HaBio/Ha e valorando os datos doutras rexións europeas dectámonos de que estas catro explotacións están nuns niveis aceptables, acadando sen problema os datos de referencia para estas producións nestas latitudes

No contido do estudo consideramos preciso encetar e manexar índices técnicos que amosen que ser positivos coa Biodiversidade non nos fai máis ineficientes dende o punto de vista da sustentabilidade económica ou social.

Tamén quixemos observar que xenerar espazos favorecedores de Biodiversidade non é incompatible co compromiso fundamental de calquera explotación gandeira que é o de producir alimentos para a sociedade. Tódalas explotacións colaboradoras analizadas son produtoras netas de alimentos para os humanos, basando a alimentación do seu gando en fibras non asimilables polo ser humano. É dicir, sen competencia polos recursos entre gando e humano

CONCLUSIÓNS

Logo da captación e análise dos datos das explotacións a estudo podemos poñer en valor as seguintes conclusións:

1. As explotacións colaboradoras reflicten fielmente o papel positivo que exerce o gando no territorio. A actividade gandeira xenera e preserva os hábitats e os recursos alimentarios para a fauna ademáis de ser imprescindible para moita flora.
2. O gando, cun manexo correcto, mantén a durabilidade do chan axudando á calidade das augas. A actividade gandeira esculpe un mosaico paisaxístico que nos define e que é imprescindible para a conservación das razas autóctonas.
3. Os datos destas granxas amósannos unhas explotacións xeneradoras de espazos de Biodiversidade superando o umbral mínimo (CAP2ER: HaBio/HaSAU > 0.5) en case tódalas Has. de Superficie Agraria Útil (SAU) das que manexan. O peso da superficie de pradeira na súa SAU axuda a isto, xa



que a dimensión das sebes (0.4-3m) é moi inferior a outras zonas (5-10m) gandeiras de Europa.

4. O reparto da terra en Galicia non admite esas dimensións de sebes, pero favorece a conexión dos espazos xeneradores de Biodiversidade entre sí, creando múltiples corredoiras de Biodiversidade. Non sería malo poder expresar estas características nas certificacións de valor medioambiental das explotacións.

Tamén podemos valorar no estudo as seguintes cuestións:

É importante sinalar que todas as explotacións aportan datos positivos cara a xenerar espazos probiodiversidade, con distintas producións (leite e carne) e datos técnicos diferentes e iso a pesar da dispersión territorial das mesmas.

A Autonomía Alimentaria, como expresión do uso do territorio e do aproveitamento polo rabaño dunha forma eficiente tende a ser distinta segundo a vocación produtiva, leiteira ou cárnica. As esixencias de produción ecolóxica favorecen a xeneración e mantemento dos espazos de probiodiversidade nos territorios agrogandeiros motivando a produción das terras a nivel local fronte a importación de nutrientes.

Aumentar, baixo estes criterios, a produción de Biomasa por Ha., cantidade e calidade, e mellorar a súa utilización polo rabaño, non só mellorará a nosa Autonomía Alimentaria senón que axudará a nosa riqueza de Biodiversidade; ademáis de acadar un alto valor social pola cantidade de alimentos netos producidos sen competir co humano polas materias primas.

